

**EXAME: COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE AUXILIAR DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
GRUPO C, SUBGRUPO C-2 E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE RESERVA**

INSTRUCCIONES:

- | |
|--|
| 1. Dispón de 50 minutos para a realización da proba |
| 2. O único material permitido é o programa que figura nas bases |
| 3. Debe elixir, únicamente, unha resposta por pregunta |
| 4. Cada catro (4) respuestas incorrectas penalizará a puntuación dunha (1) pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas |

1.- O artigo 169.6 TRLRHL di que, se o orzamento municipal non fose aprobado antes do primeiro día do exercicio económico correspondente:

- a) Quedará automaticamente prorrogada a vixencia do anterior.**
- b) Ábrese un período de tres meses para a súa aprobación
- c) Facúltase á Xunta de Goberno para aprobar un orzamento extraordinario.
- d) Facúltase á Xunta de Goberno ou ao pleno par aprobar un orzamento extraordinario.

2.- Segundo o artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local di que:

- a) Os municipios únicamente poden exercer as competencias que esta mesma lei dispón.
- b) As Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas entidades locais o exercicio das súas competencias.
- c) O Estado e as Comunidades Autónomas no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas entidades locais o exercicio das súas competencias.**
- d) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Deputacións provinciais, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas entidades locais o exercicio das súas competencias.

3.- A xefatura da policía local é exercida por (artigo 21.1.i) Lei 7/1985:

- a) O funcionario de maior rango do devandito Corpo de policía.
- b) O concelleiro-delegado da área de seguridade.
- c) O alcalde**
- d) Ningunha resposta é correcta.

4.- Corresponden, en todo caso, ao Pleno do Concello (artigo 22 Lei 7/1985):

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello.
- b) A concertación de operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, non exceda do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento Municipal.
- c) O desenvolvemento da xestión económica municipal, de acordo co orzamento aprobado.
- d) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas municipais.**

5.- O artigo 53 Lei 39/2015 atribúelle aos interesados o dereito :

- a) A presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.
- b) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.**
- c) A non presentar documentos orixinais en ningún caso.
- d) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, o órgano competente motivadamente estableza o contrario.

6.- Segundo a Constitución española de 1978, os valores superiores do ordenamento xurídico español son?

- a) A democracia, a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político**
- b) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político
- c) A liberdade, a xustiza, a equidade e o pluralismo político
- d) A democracia, a liberdade, a xustiza, a equidade e o pluralismo político

7. As funcionarias en excedencia por razón de violencia de xénero, durante os dous primeiros meses de excedencia, percibirán:

- a) O 75% das retribucións básicas
- b) As retribucións básicas íntegras e o 50% do complemento de destino
- c) As retribucións básicas e, no seu caso, as prestacións familiares por fillo a cargo
- d) As retribucións íntegras e, no seu caso, as prestacións familiares por fillo a cargo**

8.- Segundo o artigo 61 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se entende por petición razonada?

A) É a actuación derivada do coñecemento directo ou indirecto das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento polo órgano que ten atribuída a competencia de iniciación

B) É a proposta de iniciación do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para iniciar o mesmo e que tivo coñecemento das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento

C) É a petición emitida por un órgano administrativo superior xerárquico do competente para a iniciación do procedemento

D) É o acto polo que unha persoa, en cumprimento ou non dunha obrigación legal, pon en coñecemento dun órgano administrativo a existencia dun determinado feito que puidese xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo

9.- O Arquivo municipal de Tui custodia, xunto fondo documental do Concello de Tui, o correspondente a:

a) Diocese de Tui-Vigo

b) Fondos das parroquias do concello

c) Entidade Local Menor de Pazos de Reis

d) Cárcere do Partido Xudicial

10.- Cal dos seguintes centros ten obligatoriamente unha dependencia orgánica dunha institución?

a) Biblioteca

b) Centro de documentación

c) Arquivo

d) Todos os anteriores

11.- Quen definiu o Arquivo como “un ou varios conxuntos orgánicos de documentos producidos, reunidos ou conservados polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no exercicio das súas funcións e actividades, con finalidades de xestión administrativa, proba dos dereitos e deberes da administración e da cidadanía, investigación ou acceso a información e a cultura”?

- a) Consello Internacional de Arquivos
- b) Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español
- c) Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia**
- d) Theodore Roosevelt Schellenberg

12.- Que funcións xenéricas dos arquivos están xeralmente aceptadas como as funcións principais dos mesmos?

- a) Xéñese ou reunión da documentación, o tratamento documental e servir a documentación.**
- b) Creación, organización e difusión da documentación.
- c) Elaboración, clasificación e conservación da documentación.
- d) Xéñese e reunión dos documentos, ordenación documental e servir a documentación.

13.- A elaboración de instrumentos de descripción como guías, inventarios, catálogos etc. está tradicionalmente relacionada coa función arquivística:

- a) Reunir
- b) Describir
- c) Servir**
- d) Conservar

14.- O conxunto de procedementos mediante os que os documentos son remitidos dunha etapa a outra do arquivo seguindo o ciclo de vida dos documentos coñécese como:

- a) Transferencia**
- b) Transferencia directa continua
- c) Recepción
- d) Relación de entrega

15.- O proceso de análise para determinar a orixe orgánica e funcional e os atributos que proporcionan identidade a unha serie documental denominase:

a) Identificación documental

b) Selección documental

c) Avaliación documental

d) Análise documental

16.- A Norma Internacional de Descripción Arquivística -ISAD(G)- está composta por?

a) 7 áreas e 26 elementos/campos

b) 4 áreas e 27 elementos/campos

c) 4 áreas e 23 elementos/campos

d) 6 áreas e 31 elementos/campos

17.- Segundo as “Recomendaciones para la edificación de Archivos”, en que áreas se debe dividir un edificio de arquivo?

a) Área de acceso público e área de acceso privado

b) Área de acceso público, área de acceso reservado e área de acceso privada

c) Área de acceso público e área de acceso reservado

d) Ningunha das anteriores é correcta

18.- O patrimonio documental, como parte integrante do patrimonio cultural de Galicia, está regulado por:

a) Lei 5/2016, do 4 de maio

b) Lei 7/2014, do 26 de setembro

c) Lei 4/2016, do 5 de maio

d) Lei 8/1995, do 30 de outubro

19.- Dos seguintes arquivos, cal é o que exerce ás funcións de arquivo intermedio e histórico do subsistema de arquivos da xunta de Galicia?

a) Arquivo do Reino de Galicia

b) Arquivo central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

c) Arquivo de Galicia

d) Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela

20.- Segundo a Lei 7/2014 de arquivos de Galicia, con carácter xeral, e agás disposición legal que estableza un prazo distinto, os límites e exclusións ao dereito de acceso desaparecerán:

a) Transcorridos 10 anos dende a producción dos documentos

b) Transcorridos 20 anos dende a producción dos documentos

c) Transcorridos 30 anos dende a producción dos documentos

d) Transcorridos 40 anos dende a producción dos documentos

21.-En relación cun documento, que característica indica que o seu contido pode ser unha representación completa e precisa das actuacións, as actividades ou os feitos dos que dá testemuño?

A) Autenticidade

B) Fiabilidade

C) Integridade

D) Trazabilidad

22.- Cal dos seguintes tipos documentais pode ser eliminado sen necesidade de ser sometido a un proceso de valoración documental?

A) Os documentos e expedientes electrónicos

B) A documentación de apoio informativo

C) Os documentos e expedientes en papel unha vez que foron dixitalizados

D) Os documentos producidos por persoas privadas, físicas ou xurídicas, xestoras de servizos públicos, non relacionados coa xestión dos devanditos servizos

23.- Un inventario ou rexistro topográfico é un instrumento de control que relaciona o contido das unidades de instalación:

A) Seguindo correlativamente a orde que ocupan fisicamente no depósito

B) Seguindo a orde cronolóxica do seu ingreso no arquivo

- C) Seguindo a orde intelectual establecido no cadro de clasificación
- D) Seguindo unha orde xeográfica, en función da información contida nos propios documentos

24.- En que procedemento de ingreso de fondos documentais o Arquivo comprométese a conservar os documentos dunha persoa privada, física ou xurídica, adquirindo o seu uso pero non a propiedade dos mesmos?

- A) Depósito temporal
- B) Doazón
- C) Comodato**
- D) Préstamo administrativo

25.- Segundo a Lei 10/2007, do 22 de xuño da lectura, do libro e das bibliotecas o préstamo colectivo é:

- a) Un servizo opcional das bibliotecas públicas de titularidade estatal
- b) Un servizo básico das bibliotecas públicas**
- c) Un servizo exclusivo das bibliotecas rexionais
- d) Non é un servizo das bibliotecas públicas

26.- No formato Marc 21 a data da obra aparecerá reflectida na etiqueta:

- a) 245
- b) 100
- c) 260**
- d) 300

27.- Unha das vantaxes do acceso directo ou libre aos fondos bibliográficos:

- a) A revisión e reordenación constante dos fondos
- b) O sistema de sinalización e orientación e permite ao usuario colocar facilmente os documentos

- c) A visión global da colección permite ao usuario encontrar obras inicialmente non buscadas**
- d) Facilita a desaparición das obras

28. Segundo os parámetros do programa de xestión integral de bibliotecas Koha usado na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, un usuario ten a categoría de adulto:

- a) Cando cumple 14 anos**
- b) Cando cumple 18 anos
- c) Cando cumple 14 anos e achega unha autorización dos proxenitores ou dos titores legais
- d) Cando cumple 15 anos

29.- Que fai do OPAC da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia un OPAC social:

- a) Que teña rexistros bibliográficos de bibliotecas de diferente tipo
- b) A posibilidade de agregar etiquetas á nube de etiquetas e de incorporar comentarios aos rexistros**
- c) Porque ten a opción de busca avanzada
- d) Porque ten control de autoridades

30.- A hora da do conto é unha actividade:

- a) De extensión bibliotecaria
- b) De animación á lectura**
- c) Técnica
- d) De formación

31.- Na CDU os auxiliares comúns de tempo:

- a) Van entre corchetes
- b) Van entre comiñas**
- c) Van entre parénteses

d) Ningunha resposta é correcta

32.- Un Sistema de Bibliotecas é:

- a) Conxunto de bibliotecas especializadas na difusión da información.
- b) Un conxunto de bibliotecas dunha mesma zona.
- c) Un conxunto de bibliotecas universitarias e públicas que colaboran na prestación de servizos para optimizar os recursos.
- d) Un conxunto de bibliotecas e servizos integrados nunha unidade administrativa xerárquica que teñen unha planificación e xestión comúns.**

33.- As publicacións que non se comercializan polos leitos comerciais normais, de pouca difusión e que resulta difícil de conseguilas, denomínase:

- a) Literatura prohibida.
- b) Literatura oculta.
- c) Literatura gris.**
- d) Literatura limitada.

34.- Que son os centros de interese?

- a) Actividades coa finalidade de dar a coñecer a biblioteca e os servizos que prestan.
- b) Un modelo alternativo de presentación e organización dos fondos de libre acceso e que se agrupan por grandes temas.**
- c) Actividades para nenos prelectores.
- d) Actividades que se realizan fóra do ámbito da biblioteca.

35.- A clasificación é unha linguaxe documental que se utiliza para:

- a) Dar un número, por orde cronolóxica de inscrición, aos socios da biblioteca.
- b) Dividir aos usuarios da biblioteca en infantís ou adultos.
- c) Agrupar os materiais polo seu contido.**
- d) Controlar as peticionés dos lectores.

36.- A que tipo de clasificación pertence a Lista de Encabezamentos de Materias para as Bibliotecas Públicas?:

- a) Sistemática.
- b) Alfabética.**
- c) De números currens.
- d) Clasificación Dewey.

37.- Que son as ISBD?

- a) Números internacionais normalizados para a identificación de libros.
- b) Normas internacionais de préstamo interbibliotecario.
- c) Números internacionais normalizados para a identificación de publicacións oficiais.
- d) Normas internacionais de descripción bibliográfica.**

38. Na CDU sobre a orde de secuencia dos auxiliares detrás do número principal, como norma práctica recoméndase a orde seguinte:

- a) Forma, lugar, tempo, idioma.
- b) Idioma, tempo, lugar, forma.
- c) Lugar, tempo, forma, idioma.**
- d) Tempo, idioma, lugar, forma.

39.- Unha vez estabilizada a colección da biblioteca, o seu crecemento debe ser:

- a) O maior crecimiento posible.
- b) Crecemento cero.**
- c) Segundo o orzamento dispoñible.
- d) Depende do bibliotecario.

40. Que fai do OPAC da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia un OPAC social:

- a) Que teña rexistros bibliográficos de bibliotecas de diferente tipo
 - b) A posibilidade de agregar etiquetas á nube de etiquetas e de incorporar comentarios aos rexistros**
 - c) Porque ten a opción de busca avanzada
 - d) Porque ten control de autoridades
-

Reserva 1. Segundo o Estatuto Básico do Empregado Público, como se clasifican as retribucións dos funcionarios de carreira?

- A) Retribucións básicas e complementarias**
- B) Soldo e pagas extraordinarias
- C) Soldo, trienios e pagas extraordinarias
- D) Retribucións ordinarias e extraordinarias

Reserva 2.- Segundo a Constitución Española de 1978, cuntos Deputados componen o Congreso?

- A) Un mínimo de 200 e un máximo de 300
- B) Un mínimo de 250 e un máximo de 350
- C) Un mínimo de 350 e un máximo de 400
- d) Un mínimo de 300 e un máximo de 400

Reserva 3.- Cal dos seguintes requisitos técnicos non deben cumplir os arquivos privados para formar parte do Sistema de Arquivos de Galicia?

- a) Aplicar un sistema de xestión documental que garanta a autenticidade, fiabilidade, dispoñibilidades e integridade dos documentos
- b) Aplicar a todos os documentos a normativa de avaliación que rexerá a súa conservación

- c) Dispoñer do persoal suficiente e cualificado desde o punto de vista técnico e profesional
- d) Dispoñer de un horario de apertura ao público que non poderá ser inferior as vinte e cinco horas semanais**

Reserva 4.- Con carácter excepcional, o Arquivo municipal de Tui conserva entre os seus fondos más antigos:

- a) Libros de actas da Xunta de Goberno Local
- b) Expedientes de sesións da Comisión Permanente
- c) Libros de rexistro de bautizados
- d) Libro de actas da Xunta do Reino de Galicia**

Reserva 5.- Os auxiliares comúns de forma, na CDU, exprésanse mediante:

- a) O signo (=...)
- b) O signo (0...)**
- c) O signo =...
- d) O signo (...)

Reserva 6. Nunha biblioteca cal é a base para a ordenación dos fondos e a súa colocación nos estantes de libre acceso:

- a) O ISBN
- b) O encabezamento principal
- c) O número de rexistro
- d) A sinatura topográfica**